



Informa

Sindicato de Traballadoras e
Traballadores do Ensino de Galicia
Marzo 2004

CONTRA A VIOLENCIA MASCULINA: COEDUCACIÓN

Goza das diferenzas

Para ver e ler

...EN MEMORIA

Quen chegue o 14 de maio lembrará que, hai un ano, agochado entre os desperdicios dun camiión, da lixeira, atoparon o corpo sen vida de Erika, unha nena de tres anos, vítima da violencia.

Colaboracións

A discriminación

MATA

marzo

www.stegsindicato.org/muller.htm

stegmuller@stegsindicato.org

Goza das diferenzas. A discriminación mata

A natureza crea diferenzas, a biodiversidade é imprescindible para impulsar e recrear a vida sobre o planeta. Porén, a nosa cultura forza a cada ser humano, que en si mesmo é único e distinto a todos os demais, a reducir esa diversidade a dous xéneros estereotipados: masculino ou feminino. Fomos quen de crear a diferenza xenérica empobrecéndonos como persoas, limitándonos, e converténdonos en seres dependentes e deficitarios. Esa diferenza creada artificialmente entre o masculino e o feminino, establece ademais de forma xerárquica sobre valores de superioridade e inferioridade que xustifican o sistema de dominio-submisión. A diferenza sexual é a primeira que aprendemos, e sobre ela coas mesmas connotacións de poder-submisión, valoración, imos asentando o resto de diferenzas. Moitos rapaces xustifican os seus comportamentos violentos ante a "provocación" que representa para eles que as rapazas non respondan ao rol asignado. A feble e forzada heterosexualidade reséntese ante a existencia de rapaces e rapazas diferentes. Ao magrebí colocámo-lo no "seu sitio" chamámo-lle "mouro". Aos xitanos deixámo-lles claro "o que son" cando a un neno suízo lle chamamos así. O conflito provoca do polas diferenzas convértese en violencia cando se interpretan, non como unha riqueza, senón como unha expresión de inferioridade



iso nos parece imprescindible que todas as persoas, e máis as que nos dedicamos á educación, nos preguntemos, desde a honestidade, desde o máis profundo do noso ser, que é o que se move no noso interior para que as diferenzas, case calquera diferenza, nos provoquen conflito. Por todo isto, pensamos que a alternativa de educar para nos desenvolver como seres únicos, distintos e diversos, aprender a respectar as diferenzas, e máis aínda, a valoralas e gozalas, non é só o verdadeiro sentido da educación senón o mellor medio para lograr unha cultura da paz e de respecto entre os seres humanos.

CONTRA A VIOLENCIA MASCULINA: COEDUCACIÓN

Sostemos neste artigo que a violencia contra as mulleres, así como a violencia xeral que afecta á nosa sociedade ou a que se exerce entre os pobos, teñen un protagonista: **o sexo masculino**; e un contexto: **o patriarcado**.

"É obvio que os homes cometen a maior parte dos actos violentos, pero ao percibilos como a norma, non nos damos conta diso: á hora de tentar comprender e enfrontarnos aos asasinatos, á guerra ou á ameaza nuclear, pasamos por alto este feito" (Miedzian, 1995).

Rojas Marcos, no seu coñecido libro *Las semillas de la violencia*, contempla o entorno, o nivel social, etc., como factores que promoven a violencia: máis, ao obviar a perspectiva de xénero considera que a asimilación dos valores culturais é igual en ambos sexos, omisión que lle impide explicar o por que é tan enorme a diferenza entre o número de homes que cometen actos violentos respecto ao de mulleres.

Mais este artigo non pretende ser un ataque ao xénero masculino, sobre todo porque para as mulleres maltratadas, violadas, asasinadas, lapidadas, ... polos seus compañeiros, os seus veciños, os seus líderes relixiosos e políticos, ... non nos serve de gran de coasa, e porque ademais consideramos que tanto homes como mulleres somos vítimas desta situación. **Pretendemos apuntar cara a raíz da violencia, para suxerir de entre as posibles solucións, unha fundamental: a súa prevención a través da coeducación.**

En 1964 Betty Friedan denunciou como a *mística da femineidade* lograría enterrar en vida a millóns de mulleres ao inculcárenos, a través da socialización, a dependencia e a subordinación, a dedicación ao fogar e ao coitado dos outros, como a máxima realización á que as mulleres podíamos aspirar.

No entanto, na socialización masculina, a asociación entre masculinidade e violencia é tan forte e estreita que cando se preguntou a homes inculcados por delitos de violencia polas razóns das súas condutas violentas, responderon: "Queríalles de mostrar que non era un maricas", "Tiña que probar que era un home...". Neste sentido, a *mística da masculinidade*, que na súa versión máis modelica e extrema, a través do "hero", converte en virtude o asasinato dos de diferentes eñia, relixión, etc., está a levar a grande parte da humanidade á tumba. Non é xa o momento de a denunciar e de a cuestionar?

As mulleres fomos criticadas, infravaloradas, naturalizadas, obxectualizadas, ... ao longo da historia por filósofos, psicólogos, médicos, ... como puxo de manifesto a revisión crítica e á de construción da socialización feminina, realizada polo feminismo. **En cambio, os homes non foron cuestionados como grupo**, e é aínda agora cando apenas comezan a facer unha revisión crítica da súa propia socialización. Ben ao contrario, a súa conduta, a súa mente e o seu corpo, constituíron o modelo de "o humano" para a medicina, a psicología, a sociología, etc. Polo tanto, cando a conduta de menos da metade da humanidade se converte en norma e en paradigma de conduta humana, é difícil cuestionala socialmente.

A masculinidade, igual que a femineidade, aprendese na escola, na familia, co grupo de iguais, a través dos medios de comunicación, durante a primeira socialización, e refórzase socialmente ao longo de toda a nosa vida. Os mandatos da masculinidade promoven nos rapaces a agresividade, a competitividade, o control, a dureza, a forza

física, a represión dos sentimentos e da emotividade. É significativo que desde o imaxinario colectivo máis arraigado se empreguen os termos "marica", "covarde", "brand" para insultar, cuestionar e devaluar comportamentos de moitos rapaces que non asumen nin executan condutas violentas, dominantes e devalutivas cara as rapazas, ou ben des envolven a súa capacidade emocional e afectiva, de escóita, empatía, etc.

Luis Bonino, director do Centro de Estudos da Condición Masculina de Madrid, sinala que **os homes protagonizan a maioría dos disturbios da saúde pública (drogodependencias, suicidios, abusos, violacións, etc.)** e propon reddefinir as "patoloxías masculinas" máis frecuentes que se derivan do "arquétipo viril", tales como: a restrición emocional, a indiferenza cara aos demais, os abusos de poder, a satanización do outro, etc., que sustentan a subxectividade masculina hexemónica.

Todas as instancias socializadoras perpetúan a reprodución de roles de xénero, que cos seus mandatos nos forzan e reforzan a homes e mulleres a vivir nunha relación xerárquica, violenta, dominante/dependente e, en consecuencia, desventurada para ambos.

A asignación de estereotipos de xénero, a través da imitación dos roles que desde que eramos crianzas observamos no noso entorno, a través dos libros de texto, dos xoguetes, videoxogos, linguaxe, medios de comunicación, etc., e reforzamos socialmente ao longo de toda a nosa vida, **pódenos converter en verdugos e vítimas.**

Ora ben, desde o punto de vista do desenvolvemento humano, non é un privilexio ser un verdugo, posto que homes e mulleres nos vemos limitados nas nosas posibilidades de ser, ao ter que adaptarnos a patróns que non só non se corresponden coas nosas capacidades e desexos, senón que implican unha increíble perda do enorme potencial que todos os seres humanos posuímos.

A case exclusión das mulleres do mundo público correu parella á escasa implicación dos varóns no mundo doméstico. Esta última situación, vivida ata hai pouco como un privilexio polo colectivo masculino, comeza a ser modificada por moitos homes, que ven como a asunción das súas responsabilidades domésticas, o coitado das súas crianzas e o desenvolvemento do seu mundo emocional, os libera tamén do estreito corsé no que foron educados, conferíndolles autonomía persoal e afectiva, ao tempo que os potencia e enriquece como seres humanos.

No eido escolar a LOXSE, aínda que na súa implantación real se coñeceu pouco este aspecto, sinala que a educación debía contribuir á socialización ofrecendo igualdade de oportunidades no desenvolvemento persoal e social de cidadás e cidadáns.

Neste marco, numerosos docentes, aínda conscientes de que a escola ten unha posibilidade limitada de educar ás

do "outro". A orixe da violencia é pois, a incapacidade de recoñecer ao outro diferente como a un igual. Este sentimento leva a vivir as diferenzas como unha ameaza, un atranco ou un motivo de inquedanza, e as súas consecuencias van desde a ignorancia ou negación das outras persoas, ata a infravaloración ou a exclusión mediante diversas formas, entre as cales a agresión física é a máis extrema. A discriminación mata, por pequena que sexa, porque en si mesma xa é a negación do outro.

Con este lema queremos denunciar a violencia que produce calquera tipo de discriminación. É un camiño colectivo e tamén individual. Por

do "outro". A orixe da violencia é pois, a incapacidade de recoñecer ao outro diferente como a un igual. Este sentimento leva a vivir as diferenzas como unha ameaza, un atranco ou un motivo de inquedanza, e as súas consecuencias van desde a ignorancia ou negación das outras persoas, ata a infravaloración ou a exclusión mediante diversas formas, entre as cales a agresión física é a máis extrema. A discriminación mata, por pequena que sexa, porque en si mesma xa é a negación do outro.

do "outro". A orixe da violencia é pois, a incapacidade de recoñecer ao outro diferente como a un igual. Este sentimento leva a vivir as diferenzas como unha ameaza, un atranco ou un motivo de inquedanza, e as súas consecuencias van desde a ignorancia ou negación das outras persoas, ata a infravaloración ou a exclusión mediante diversas formas, entre as cales a agresión física é a máis extrema. A discriminación mata, por pequena que sexa, porque en si mesma xa é a negación do outro.

persoas, desenvolveron programas tendentes a implantar un modelo coeducativo, que superando os estereotipos culturais "feminino" e "masculino", e sen propo o modelo masculino como o modelo humano normalizado, potenciaron un desenvolvemento integral das propias capacidades, un desenvolvemento global que colaborou a eliminar xerárquias, desigualdades e inxustizas sociais.

A coeducación supón unha aposta decidida e consciente por superar un modelo de persoas "homes" e "mulleres" limitados, dependentes, empobrecidos e encadeados a relacións xerárquicas e subordinadas, ao:

- Fomentar unha educación integral que dea importancia a todos os aspectos da vida das persoas e en especial á convivencia,
- Prestar a atención non só ás capacidades intelectuais do alumnado, senón tamén aos afectos e sentimentos que nos convirten en persoas autónomas,
- Desenvolver os xellos sociais,
- Promover unha educación laica,
- Visibilizar as aportacións das mulleres á historia da humanidade e dos distintos saberes,
- Valorar as experiencias das mulleres tanto no ámbito público como no doméstico, as tarefas de reprodución e de coitados e fomentar a participación dos homes nas devanditas actividades, etc.

O tratamento especial que desde o modelo coeducativo se dá á aprendizaxe de emocións e sentimentos, desenvolvemento da empatía, fomento de valores, así como toda característica que como seres humanos nos fai máis completos e respectuosos coas demais persoas e co medio, demostrou que contribúe en grande medida a previr o problema que estamos a tratar: a violencia.

Aínda que moitas e moitos docentes, así como colectivos de nais e pais e outros actores sociais, seguimos traballando neste empeño, a LOCE, redactada en masculino, elude que o sexo poida ser causa de discriminación para a admisión de alumnado nos centros públicos e **contra claramente o precepto constitucional da non discriminación por razón de sexo**, e en consecuencia abre a porta á educación segregada por sexos. Introduce eleccións temperadas de itinerarios académicos-profesionais a pesar de que, como demostraron numerosos informes, canto antes se producen estas escolas máis se ven condicionadas en función dos estereotipos de xénero, etc.

Como vemos, a nova política educativa non sabemos se contribuirá a desenvolver máis e mellor as capacidades cognitivas do noso alumnado, ou mellor, dunha parte do noso alumnado, pero **do que si estamos seguros, é de que supón un claro e perigoso retroceso para o desenvolvemento como persoas de rapazas e rapaces**, para a convivencia e, como consecuencia, para o avance que tantas persoas de sexos - cara unha sociedade máis xusta e pacífica.

COLABORACIÓN

...EN MEMORIA

O vindeiro 14 de maio lembraremos, aínda ao noso pesar, que hai un ano, no concello ourensán d'O Carballiño, agochado entre os desperdicios dun camiño de lixo, atoparon o corpo sen vida de Erika, unha nena de tres anos, vítima da violencia.

Como ela, outras nenas e mulleres foron e están a ser agredidas e mesmo mortas porque pretenden abrirelas camiño en pé de igualdade cos homes da súa idade no mundo das relacións humanas: mesmos lugares de diversión, mesmo xeito de acceder a eles, mesma hora de saída e entrada na casa, mesmo xeito de acicalarse, ... Pero son diferentes: son mulleres.

Ser muller aínda é difícil. Aos ollos desta nosa sociedade, tan tecnoloxicamente avanzada e, ao mesmo tempo, tan asentada en arcaicos costumes, a valoración non é a mesma: mírase con lupa ás mulleres para ver de atopar o erro no seu comportamento social e político, para ver se a súa imaxe induce á provocación, para comparar se a súa forza física e moral están á altura das circunstancias masculinas. Porque esta forma de violencia non só é unha autoafirmación da prepotencia do varón sobre a muller, senón que anula un dereito inherente á condición humana: A VIDA. E, o que é máis grave, estes actos exércense sobre as nenas, seres que aínda están por formar.

¿Que estamos a facer mal para que criaturas indefensas sigan a sufrir tales vexacións a mans de persoas adultas, diante dos nosos ollos? ¿Será que non somos quen de educar ás nosas crianzas e temos que castigalas na súa madurez? ¿Está a sociedade tan pouco educada que é capaz de ignorar as inxustizas que algúns políticos exercen sobre as mulleres só porque están no poder? ¿Que máis ten de pasar para que desde as Administracións Públicas se tomen as medidas lexislativas necesarias que dean protección ás nosas nenas e mulleres?

O conxunto da sociedade segue a fallar. Se non fose así, a tortura e morte de Erika, e das nenas de Alcaser, a recente violación de dúas mozas na provincia de Ourense e de outras moitas nenas e mulleres non se terían consumado. Ou ben a agresión á nena de Toques xa tería recibido o castigo político e social que merece quen, impunemente, se pasea polas rúas despois de semellante afronta.

Erika, por ti, por todas as criaturas e mulleres que seguen a padecer as consecuencias da inconsciencia, da ambición, da incultura, da prepotencia e da deixadez dunha sociedade que, lonxe de deixarnos un mundo mellor, deixa o mesmo ou un peor que o que ti atopaches.

Non podemos nin debemos esquecer nunca que as nosas crianzas dependen de nós, mais, algún día, nós dependeremos delas.

Concha López
Mestra de E.P.

DENUNCIAS

Ante a publicación da nova pastoral sobre a Familia, da Conferencia Episcopal Española, a Marcha Mundial das Mulleres na Galiza quere denunciar ante a opinión pública os seguintes feitos:

*Que a Igrexa Católica non vai poder continuar mantendo por moito máis tempo as estruturas patriarcais e postulados misóxicos que sosteñen os seus dirixentes. A loita feminista e a democratización da sociedade avanza e formula interrogantes sobre moitas cuestións relacionadas coa marxinalización das mulleres dentro da xerarquía, na interpretación das escrituras e nos estudos teolóxicos. Ese mesmo cuestionamento está xa a emerxer dentro da corrente de pensamento da Teoloxía Feminista.

*Que a Conferencia Episcopal, está máis preocupada por ditar o que ten de suceder nas nosas camas e nos nosos úteros, que polas consecuencias que o seu discurso misóxico e homófobo leva producindo ao longo das xeracións que obrigatoriamente tiveron e teñen que ser educadas na súa doutrina. Tampouco lle preocupan as consecuencias que para a saúde pública teñen directrices como as relacionadas co uso do preservativo (no caso do continente africano e o VIH, un verdadeiro xenocidio), ou as presións que realizan para a paralización das investigacións científicas como no caso das "células madre". Citando os propios Evanxelos "son sepulcros branqueados".

*Que o estado español, como estado laico, debería romper todos os privilexios cos que conta esta elite fundamentalista, retirando o ensino da Relixión Católica dos centros públicos de ensino e cortando os subsidios aos centros privados que a manteñan no seu currículo. Poden resultar terroríficos os obxectivos e contidos da área de educación afectivo-sexual que a propia Conferencia Episcopal anuncia vai implantar nos centros educativos confessionais, e que vai impor tamén na área de Relixión Católica nos centros públicos e subsidiados.

*Que a sociedade en xeral tense que preguntar o por que as voces críticas dentro da Igrexa son sistematicamente silenciadas. Cal é a razón para que mentres a sociedade saúda as conquistas e avances nos dereitos das mulleres, na estrutura eclesiástica se añazan os integristas que relacionan eses avances coa lacra da violencia de xénero, lacra que eles mesmos -coa súa misoxinia- están alimentando.

Galiza, 3 de Febreiro de 2004

¡¡NON ME TOQUES!!

O colectivo de ensinantes areanegra solidarízase con Sandra, a rapaza de Toques que foi vítima de abusos sexuais por parte do alcalde da súa vila, Jesús Ares.É

Desde estas páxinas queremos enviar a Sandra o noso total apoio, e transmitir a toda a sociedade a repulsa da comunidade educativa a calquera manifestación de violencia sexual e a calquera declaración xustificadora de tales feitos.É

Animamos a todas as rapazas que sufran abusos sexuais a que os denuncien inmediatamente, e que non permitan coaccións de ninguén para calar e mirar cara outro lado. A dignidade das persoas está por riba de calquera presión de tipo político ou social.

Respecto aos feitos:

Rexeitamos contundentemente calquera tipo de violencia sexual, especialmente a que sofren as mulleres e as/os menores, e solicitamos a pena máxima para os culpables.

Denunciamos a situación de apoio e privilexio que lle dan a Jesús Ares os seus paisanos e superiores só polo feito de ser alcalde e ter unha situación de poder. Calquera persoa culpábel dun delito criminal coma este debe ser condenado e inhabilitado de calquera función pública, independentemente da súa adscrición política. Por tanto, esiximos a dimisión de Jesús Ares como alcalde do concello de Toques.

Felicítamos a Sandra por ter denunciado o acoso sexual ao que foi sometida, e aplaudimos a súa valentía e dignidade. Transmitímoosle desde os centros de ensino toda a nosa solidariedade. ¡Animo! O profesorado e alumnado galegos estamos contigo.

Respecto ás declaracións insultantes dos nosos políticos:

As declaracións de Fraga sobre o alcalde de Toques constitúen unha clara apoloxía da violencia de xénero, unha gravísima ofensa para as mulleres e para toda persoa que defenda unha sociedade libre e democrática.

Non consentimos declaracións minimizadoras dun delito de abuso sexual, coa agravante de se tratar dun delito infrinxido a unha menor. Tampouco consentimos a complicidade e o silencio.

Por tanto, esiximos aos políticos, se é que teñen un mínimo de ética e respecto polas mulleres e pola sociedade en xeral, que rectifiquen as súas declaracións, condenen firmemente estes feitos, e impidan que Jesús Ares e os seus edís continúen na alcaldía de Toques.

Así mesmo, esiximos a dimisión do Presidente Manuel Fraga e a súa inmediata retirada da política, pois a sociedade galega non pode consentir este tipo de insultos á liberdade das persoas e o amparo da violencia de xénero desde o cargo da presidencia da Xunta. E

areanegra

Para apoiar este manifesto e obter máis información:
www.areanegra.org

8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres

DIFERENTES SI, DESIGUAIS NON

Mulleres de todo o planeta estamos marchando para conseguir a eliminación da pobreza e a violencia de xénero. Marchamos esikindo unha sociedade en paz, desmilitarizada, que rexeite a guerra. Unha sociedade dos dereitos humanos, económicos e sociais. Unha sociedade en igualdade, libre para a circulación das persoas e onde podamos dispor libremente do noso corpo.

As desigualdades, e as violencias e inxustizas que producen, aliméntanse de estruturas sociais e modelos económicos que perpetúan a marginalización das mulleres. É por isto que a violencia contra as mulleres e nenanas non vai remitir mentres non se acometan importantes transformacións económicas e sociais. Só combatendo as desigualdades podemos eliminar a violencia.

No noso país a pobreza e a violencia de xénero están presentes nas nosas vidas con maior ou menor intensidade. Os poderes políticos, económicos e relixiosos, que ren que participemos dos seus proxectos por unha Europa da exclusión e da desigualdade. A nosa resposta é clara, diferentes si, desiguais non. Porque estamos por unha Europa de todas, non dos poderosos; sen barreiras, aberta e solidaria; pacífica, non imperialista nin militarista; dos dereitos, non das escravitudes; unha Europa xusta e democrática; estamos pola Europa respectuosa das diferenzas, non a Europa das desigualdades; e a grande mobilización das mulleres que percorrerá as rúas de Vigo no día 23 do vindeiro mes de Maio, será un espello das nosas vontades, do noso compromiso na construción dun mundo diferente onde queden desterradas a pobreza e a violencia.

Convocatorias de Actos de ámbito local para o 8 de Marzo

- Compostela:** manifestación, saída Praza Toural ás 20:00 hs
- A Coruña:** concentración no Obelisco ás 20:30 hs
- Costa da morte:** concentración na Alameda de Cee ás 20:00 hs
- Ferrol:** manifestación, saída do Cantón ás 19:30 hs
- Lugo:** concentración, Praza Maior ás 20:00 hs
- Ourense:** concentración Praza do Ferrol ás 20:30 hs
- Pontevedra:** concentración, Praza 8 de Marzo ás 20:30 hs
- Vigo:** manifestación, saída Praza Portugal, ás 20:00 hs

VENRES 21
Chegada

SÁBADO 22
Mañán e tarde
Foros
Feira Feminista:
Debates, obradoiros,
exposicións...

DOMINGO 23
Mañán
Manifestación

NOITE
Festa - Concurso

MARCHA MUNDIAL DAS MULHERES

Mobilizacións Europeas das Mulleres
Galiza Vigo
22-23 MAIO



A SECRETARÍA DA MULLER DE USTEA organiza os **XVI ENCONTROS DE MULLERES ANDALUZAS**, que baixo o lema "**GLO BALIZACIÓN E XÉNERO, A FEMINIZACIÓN DA POBREZA**", celebraranse en Granada os próximos 26, 27 e 28 de Marzo. PRAZO DE INSCRIPCIÓN : ata 15 de Marzo

Para ler...

HIJAS DE LA ARENA. Cartas desde los campamentos
Anna TORTAJADA



Editorial Debolsillo, Barcelona, 2003. 384 páxs. A xomalista Anna Tortajada relata a modo de cartas desde os campamentos de Tinduf a súa experiencia de convivencia coas mulleres saharauis. Nunha serie de relatos sinxelos e próximos mostra a capacidade de traballo e resistencia das mulleres para soportar con dignidade a inxustiza ilexítima que sofre o pobo do Sahara Occidental, e o esforzo que diariamente fan para conciliar a tradición, a relixión, cos dereitos e espazos gañados polas mulleres dentro da sociedade e saharauí. Unha visión actual e optimista das mulleres que no mundo árabe –igual que noutros- non están dispostas a dar un paso atrás na consecución de maiores cotas de participación e igualdade.

AGRUPÉMONOS TODAS. La lucha de las Españolas por la Igualdad
Isaías LAFUENTE



Ed. Aguilar, Madrid, 2003. 327 páxs. Este libro relata a historia das mulleres que en España non se resignaron ao futuro que lles ofrecía unha sociedade que as consideraba cidadás de segunda e foron auténticas pioneiras na loita contra a marxinação.

CARA ROBADA: tener 20 años en Kabul
LATIFA

Ed. Plaza y Janés,

Barcelona, 2002. 208 páxs. Nin imaxes, nin música. Nin papaventos voando no ceo de Kabul. Latifa fálanos de maneira serena dun mundo apenas percibido baixo o "tchadri". Sen dereitos, sen dignidade, sen esperanza. Unha existencia da non resignación



Para ver...

TE DOY MIS OJOS

Iciar BOLAÍN

2003

(interpretación: Laia Marull, Luís Tosar, Candela Peña, Rosa María Sardá) (duración: 106 min) A directora de cine Iciar Bolaín, coa súa ollada sensible e profunda, constrúe un guión e mostra unha película obrigatoria para as persoas preocupadas por entender a complexidade da violencia doméstica. Describe con realismo, sen dramatismo e sensiblaría, a grande carga de sentimentos e expectativas que conforman as relacións de dependencia afectiva que, na maioría de casos, están detrás da espiral de violencia física e terror psicolóxico que atrapa ás mulleres maltratadas. É isto sen esquecer a perspectiva de xénero, que mostra que o problema da violencia ten a súa orixe nas relacións de dominio e control en que se instalan os homes –inseguros e acomplezados-, que empregan como único recurso para o sometemento a violencia, da que as mulleres son as vítimas. Iso si, tamén queda claro que a rede social, o apoio e complicidade das mulleres, é a xanela que se abre para airear a autoestima e xerar o poder que rache a espiral de violencia, incapacitante e aterradora. É de obrigada visión e, aínda, re-visión.



OSAMA

Siddiq BARMAK

2003

(coprodución: Afganistán, Xapón, Irlanda) (duración: 83 min) Unha película tan dura como a realidade das mulleres en Afganistán. Reflicte con realismo dramático a situación das mulleres viúvas e orfas de pai, ás que se lles nega o dereito ao traballo e, en consecuencia, a posibilidade de atender as mínimas posibilidades de supervivencia. É unha cuestión de vida ou morte, a nai e a avoa de Osama apostan pola vida: córtanlle o cabelo para que pareza un neno e poida traballar e achegar algún alimento para soste a familia. Cando Osama, que non ten máis de 12 anos, é descuberta no seu corpo de muller sabe que só lle queda a morte ou algo peor: entregar a súa vida a quen poida mercala para violala. Dura e lacónica, sen fisuras para o optimismo.

